



# Resumo de Noticias

## 1º Trimestre de 2017

### XANEIRO

**UN PENAL BAIXO SOSPEITA .**

#### **Denuncian funcionario de Teixeiro por posíbel delito contra o dereito a defensa**

O avogado Fernando Blanco presentou o pasado 31 de decembro denuncia contra o funcionario do cárcere de Teixeiro identificado como mando de incidencias por un posíbel delito contra o dereito á defensa. Na tarde do día 30/12 este funcionario obstaculizou comunicación de internos do centro coa avogada Yolanda Ferreiro e o propio Fernando Blanco.

[Ler máis](#)

**PROTESTARA CONTRA RECHEO NA PRAIA GRANDE DE MIÑO**

#### **Goberno central cometeu desviación de poder na multa a unha edil do PSdeG**

A concelleira C.M. fora multada con 301€ por protestar xunto con outras persoas contra o recheo da Praia Grande de Miño con area procedente do porto exterior da Coruña impulsado polo Goberno español e o Concello que consideraban prexudicial para a costa. Cando comezaron os traballos, protexidos pola Garda Civil, foron "pedir explicacións" e reclamar o seu cesamento.

[Ler máis](#)

## DENÚNCIA DO SISTEMA PENITENCIARIO

### **Marcha ao cárcere de Teixeira, concentración, ceia e concerto**

O próximo 14 de xaneiro, ás 12:00 horas, partirá do km. 63 da N-435 a marcha ao cárcere de Teixeira que se leva a cabo todos os anos para denunciar o sistema penitenciario. Pola tarde, ás 17:00, está convocada unha concentración na zona do Obelisco da Coruña con o mesmo lema. Já pola noite, ás 21:00 haberá ceia e concerto no CSOA A Insumisa (frente ao cuartel Atochas).

[Ler máis](#)

## DESPOIS DE 45 DIAS DE PRISIÓN

### **En liberdade residente no Couto acusada sen probas de terrorismo**

A muller detida en Ourense en novembro de 2016 como suposta terrorista en base unicamente a declaracións dun recluso interno nun cárcere colombiano foi vítima dunha acusación falsa. A fiscalía colombiana considera este feito probado polo que o xuíz tivo que ordenar a súa inmediata posta en liberdade. A muller pasou 45 días en prisión e foi vítima de graves acusacións públicas..

[Ler máis](#)

## DA LEI CORCUERA Á LEI MORDAZA

### **"Liberdade de expresión. A volta ao silencio". Vídeo de EsCULcA**

EsCULcA publica o seu primeiro vídeo sobre dereitos e liberdades: "Liberdade de expresión. A volta ao silencio". Unha reflexión sobre a progresiva erosión do dereito da sociedade a expresar libremente ideas, opinións, reclamacións. Da Lei Corcuera á Lei Mordaza pasando por a lei de violencia no deporte, as sucesivas reformas do código penal ou diferentes ordenanzas municipais.

[Ler máis](#)

## A FISCALIA NON VIA INDICIOS DE DELITO

### **Axente retira acusacións de "atentado á autoridade" contra activista de Coia**

D.L. non será xulgado por "atentado á autoridade" como mantíña un axente da Policía Local de Vigo por unha suposta agresión producida durante as protestas veciñais contra a instalación do Bernardo Alfageme en Coia. O axente, a única parte persoada no xuízo que se ía celebrar esta terça-feira, retirou a acusación. A Fiscalía xa determinara que non

existían indicios de delito.

[Ler máis](#)

**CONVOCAN CONCENTRACIÓN SOLIDÁRIA 20/01 - 12:30**

## **Tres persoas serán xulgadas en Lugo por defender o río Miño**

A Plataforma Lugo de cara ao Miño convoca concentración diante dos Xulgados de Lugo o 20 de xaneiro ás 12.30, en apoio a tres persoas (L.T., L.L. e M.R.) denunciadas pola empresa INCA, adxudicataria da explotación hidroeléctrica da Fábrica da Luz, por suposto delito de coacción durante unha concentración espontánea o 15/12/2015 contra as obras ilegais do dique.

[Ler máis](#)

**CONVOCAN CONCENTRACIÓN SOLIDÁRIA 19/01 - 11:00**

## **Sete anos de acoso laboral que acaban en despedimento**

A CIG fai un chamamento a participar na concentración convocada para este xoves 19 de xaneiro ás 11h na dársena da Estación de Autobuses de Santiago (Avenida Rodríguez de Viguri, a rúa pola que entran os autobuses), en apoio á traballadora de Autobuses de Calo (HEDEGASA S.L.), N.P., quen leva máis de sete anos de acoso laboral.

[Ler máis](#)

**DESPOIS DE DEVOLVER CONDICIÓN LEGAL A CAUSA GALIZA**

## **Audiencia Nacional levanta medidas cautelares impostas a 9 independentistas**

A Audiencia Nacional retira a medida cautelar imposta aos 9 independentistas detidos no cadro da 'Operación Jaro' e pola que se lles prohibía abandonar o estado español. A decisión ten lugar apenas unhas semanas despois de que este órgano xudicial decidise devolver a condición legal a Causa Galiza, após máis dun ano de 'ilegalización' de facto da organización.

[Ler máis](#)

**VIGO: DIANTE DO MARCO - 23/01 - 12:00**

## **Concentración en apoio de activistas saharauís e convocatoria referendo**

Diversas organizacións, convocan concentración solidaria o 23 de xaneiro, diante do

MARCO de Vigo, coincidindo co xuízo que no Reino de Marrocos contra 24 activistas saharauís. Coa protesta, que comezará ás 12:00 horas, quérese reclamar tamén a fixación da dunha data para a celebración do Referendo de Autodeterminación ao que a pobo saharauí ten dereito.

[Ler máis](#)

**MARCHA ORGANIZADA POR QUE VOLTEN PARA CASA!**

## **Máis de 1.500 quilómetros en apoio dereitos independentistas en prisión**

A asociación Que voltem para a casa!, formada por familiares e amigos de presos e presas independentistas da Galiza, sairá en marcha os próximos días 3 e 4 de febreiro para denunciar a política de dispersión penal. A asociación denuncia tamén detencións incomunicadas, o segredo de sumario -que limita o seu dereito de defensa efectiva- e o papel da AN como tribunal de excepción

[Ler máis](#)

**ASOCIACION PARA A DEFENSA DE MULLERES MALTRATADAS**

## **Denuncian graves irregularidades na Casa de Acollida da Coruña**

O pasado 9 de xaneiro a presidenta da asociación para a defensa de mulleres e crianzas vítimas de violencia machista Ve-la luz, Gloria Vázquez, expuxo ante o pleno do Concello da Coruña unha dura crítica sobre a situación que se vive na Casa de Acollida municipal. Posteriormente a asociación publicou testemuños de ex-traballadoras e residentes que confirman a denuncia.

[Ler máis](#)

**A PESAR DOS REQUERIMENTOS DA VALEDORA**

## **Consellería de Política Social non informa sobre situación de Centro de Menores**

Con data 20/01/ 2017, a Valedora do Pobo contestou a Queixa de EsCULca relativa á situación do Centro de Acollida de Menores Hogar San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo para informar que, a pesar das dúas demandas "a Consellería de Política Social persiste na súa actitude de non enviar a información requerida". Non precisa se empredeu algunha outra dilixencia.

[Ler máis](#)

"ABAIXO OS MUROS DAS PRISIÓNS"

## **A Garda Civil identifica participantes na 17ª marcha ao penal de Teixeiro**

O pasado 14/01 un grupo de 60/70 activistas participou na 17ª marcha ao cárcere de Teixeiro para denunciar a situación que se vive no penal e reclamar o encerramento das prisións. A Garda Civil, que pretendeu confiscar a faixa de cabeceira, identificou todas as persoas que se sumaron á marcha. Pola tarde, despois dunha intervención ao pé do Obelisco da Coruña, manifestáronse pola Rúa Real.

[Ler máis](#)

ORGANIZADO POR ESCULCA

## **Compostela: curso de privacidade e segurancia digital para activistas**

Organizado por ESCULCA e con a colaboración de [www.bitnos.info](http://www.bitnos.info), celebrou-se em Compostela nos passados dias 21 e 22 de Janeiro um curso intensivo de privacidade e segurancia digital dirigido a activistas e militantes de movimentos sociais. A actividade é resposta à preocupación pola espionagem maciça da cidadania por parte dos poderes políticos e económicos.

[Ler máis](#)

ESTRELEIRAS, BUFANDAS, CAMISOLAS...

## **Requisas de símbolos galegos (e celtas) no estadio do Leganés**

Non é a primeira vez, e non parece que vaia ser a derradeira, que se prohibe entrar nun estadio de fútbol persoas coa estreleira ou outros elementos que os membros de segurancia ou das forzas policiais identifican como nacionalistas. Agora foi a vez do Butarque, o estadio do Leganés, onde requisaron bufandas, camisolas con tríscele... e unha bandeira das 7 nacións celtas.

[Ler máis](#)

À OFICINA DO DEFENSOR DEL PUEBLO

## **Queixa de EsCULcA por o C.P. de Teixeiro impedir comunicación com presos**

Rosa Verdugo Matês, presidenta de EsCULcA, apresentou Queixa o pasado 25 de janeiro junto da Oficina do Defensor del Pueblo em que solicita seja incoado expediente por infração no Centro Penitenciário de Teixeiro do direitos de vários presos a comunicarem

com advogada/os expressamente chamada/os. Direitos fundamentais consagrados nos artigos 10 e 24 da CE de 1978.

[Ler máis](#)

## FEBREIRO

DEVIDO AO TRANSLADO DE VÁRIOS PRESOS

### **Modificados horarios e itinerarios da XI Marcha às Cadeias**

Por causa dos recentes translados dos presos independentistas R.R.T. à prisión de Dueñas (Palencia), E.V. a Aranjuez (Madrid) e R.A. a Villabona (Asturias), o colectivo Que Voltem para Casa, organizador da XI Marcha às Cadeias 2017 que partirá na madrugada do sábado 4 de febreiro da dársena de autocarros de La Salle em Compostela, decidiu reprogramar horarios e itinerario.

[Ler máis](#)

AONDE FOI TRANSLADADO PARA PASSAR EXAMES NA UNED

### **Denunciam abusos contra preso galego no cárcere de Aranjuez**

Segundo denuncia Ceivar, o pasado 28 de xaneiro, o preso galego E.V., foi obxecto de novos abusos na cadeia de Aranjuez aonde fora trasladado para realizar os exames na UNED. Despois de ser obrigado a pasar unha revisión corporal integral sem a bata regulamentar, E.V. foi conducido a unha cela sem condicións hixiénicas e privado de roupa de cama adecuada e os libros de estudo.

[Ler máis](#)

VULNERACIÓN DE DEREITOS LINGÜÍSTICOS

### **A Liña do Galego abriu 339 expedientes de queixa en 2016**

A Mesa pola Normalización Lingüística recolleu ao longo de 2016 a través do seu servizo 'Liña do Galego', un total de 339 queixas por vulneración de dereitos lingüísticos, o que supón 115% máis que no exercicio anterior, 2015, cando foran 157 os expedientes de queixa. O 51% das queixas foron provocadas por actuacións de administracións e institucións públicas.

[Ler máis](#)

#### APESAR DA SUA CONDIÇOM LEGAL

### **AN perpetua bloqueio das contas bancárias de Causa Galiza**

A persecuicòm da Guarda Civil e a Audiencia Nacional contra Causa Galiza parece nom ter fim. Junto com a vigência das graves imputaçoms penais impostas a nove militantes, que ainda podem dar pé a juízo, a AN dá continuidade ao bloqueio dos seus recursos económicos 54 días após decretar o levantamento da "suspensom de actividades" que pesava sobre a organizaçom.

[Ler máis](#)

#### MEMBRO DE ESCULCA E PROFESOR DA UDC

### **José Ángel Brandariz na directiva da European Society of Criminology**

José Ángel Brandariz, compañeiro de EsCULcA, profesor de Dereito Penal e Criminoloxía da UDC, investigador do equipo ECRIM (Criminalidade, Psicoloxía Xurídica e Xustiza penal no século XXI) foi elixido membro do Executive Board da European Society of Criminology (ESC) na 16th Annual Conference of the European Society of Criminology, celebrada recentemente en Münster (Alemaña).

[Ler máis](#)

#### PROPOSICIÓN NON DE LEI NO PARLAMENTO GALEGO

### **Peden o arquivo da causa aberta contra 9 militantes de Causa Galiza**

O grupo parlamentar do BNG rexistrou unha Proposición non de Lei pola cal insta o Parlamento de Galiza a condenar o proceso de ilegalización contra Causa Galiza e pide o arquivo da causa aberta contra 9 militantes desta organización independentista, ao tempo que denuncia a "utilización do aparello institucional do estado na persecución de ideas políticas democráticas".

[Ler máis](#)

## LEI MORDAZA

### **Multas por difundir vídeo de axente perseguindo un home en Compostela**

O vídeo saltou de móbil en móbil e de computador en computador o pasado novembro. Nel víase un policía nacional de Santiago á carreira atrás dun home descamisado que fuxía pola rúa do Hórreo, fronte á estación de tren compostelá. A persoa que tomou as imaxes ía nun vehículo e ría da suposta mala forma do axente, de quen se mofaba por non ser capaz de culminar a caza a pé.

[Ler máis](#)

## O SAINETE DO AXENTE DE COMPOSTELA

### **Dilixencia e arbitrariedade na aplicación da Lei Mordaza**

Na súa versión oficial, a comisaría de Compostela admite a existencia unha denuncia que invoca a polémica lei mordaza, interposta contra un cidadán que compartilou en Facebook o vídeo en que se ve un axente perseguindo á carreira un home que non consegue atrapar. A investigación, din, está nunha fase moi inicial e debe seguir o seu camiño administrativo.

[Ler máis](#)

## UMHA MEDIDA ILEGAL E DESUMANA

### **Preso galego em confinamento solitário desde hai meses as 24 horas do día**

O colectivo Ceivar denuncia que a situación do preso galego R.F., interno no C.P. de Villanubla, está chegando a um ponto insustentável em virtude da política ilegal e desumana que pratica contra ele a Direcçom Geral de Instituiçoms Penitenciárias. R.F. é obrigado a permanecer en isolamento absoluto desde hai meses as 24 horas do día, umha situación que mina psicológicamente qualquer pessoa e que é denunciada como desumana por todos os organismos de direitos humanos.

[Ler máis](#)

## FOTOGRAFADOS ÁS 01:30 NUNHA CAFETERIA

### **O grupo nocturno da Policía Local de Lugo de bares en horas de servizo**

Trece axentes da Policía Local de Lugo, a totalidade do grupo do servizo nocturno, foron vistos à 01:30 da pasada quinta-feira (16/02) nunha cafeteria da cidade en horas de traballo, cando deberían "«estar patrullando as rúas e velando pola seguridade dos cidadáns, que é a súa obriga e para o que lles pagan o seu salario», denunciou a concelleira Olga Louzao (Ciudadanos).



[Ler máis](#)

**POR LEVAREN 'ESTRELEIRAS'**

## **Denuncian “acoso” de gardas de seguridade nun centro comercial**

Tres mozas foron conminadas a esconder a estreleira que levaban despois de teren participado nunha manifestación en Compostela. Afirman que un dos vixiantes agarrou do brazo unha delas e outro díxolles que esa bandeira “incita atentados”. “Estabamos no centro comercial non porque fosemos protestar ou provocar, iamos comer despois dunha manifestación”.

[Ler máis](#)

**21/02 - 10:30 - XULGADOS DE FERROL**

## **Concentración en apoio de sindicalista xulgado por ultraxe á bandeira española**

P.F., delegado da Federación de Servizos da CIG en Ferrol, será xulgado a vindeira terzafeira, 21/02, acusado dun delito de ultraxe á bandeira española. Os feitos tiveron lugar nunha concentración ás portas do Arsenal Militar de Ferrol, convocada para protestar pola situación laboral da/os traballadore/as de Cleanet, concesionaria do servizo de limpeza nas instalacións militares.

[Ler máis](#)

**1.500€ POR NON TER LICENZA DE VENDA AMBULANTE**

## **SOS RACISMO reclama arquivo de multa a migrante na Coruña**

SOS Racismo denuncia que hai unhas semanas, o Concello da Coruña notificou a M.F. veciño da cidade e vendedor ambulante na Rúa Real, unha proposta de sanción de 1.500€ por non dispor de licenza administrativa para o exercicio da venda ambulante. Os feitos remóntanse ao 28/08/2016 cando M.F. foi identificado, e a mercadoría confiscada, por axentes da policía local.

[Ler máis](#)

**DENUNCIADO POR MALOS TRATOS**

## **Política Social non informa a Valedora sobre Centro de Menores**

Despois de tres requerimentos sucesivos, a Consellaría de Política Social “persiste na súa actitude de non enviar a información” relativa á situación do Centro de Acolloida de Menores

Hogar San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo, comunica a EsCULcA a Valedora do Pobo. Non precisa se ela empredeu por fin algunha das outras dilixencias solicitadas polo observatorio.

[Ler máis](#)

#### SOBRE SITUACIÓNS NOS CÁRCERES DE TEIXEIRO E A LAMA

### **Propostas de EsCULcA aos grupos do Parlamento Galego e o Congreso**

EsCULcA enviou a pasada semana dúas propostas de actuación aos grupos da oposición do Parlamento Galego e o Congreso relativas a diferentes situacións vividas nos cárceres de Teixeiro (posíbeis malos tratos a preso e vulneración do dereito á defensa de tres internos) e a Lama (discriminación nos protocolos de recepción para as persoas que ingresan na prisión).

[Ler máis](#)

#### «O MEU FILLO DEIXÁRONO MORRER» DENUNCIA O PAI

### **Posíbel negligencia e discriminación na busca de mozo achado morto en Baiona**

"Se se tivesen posto os medios necesarios cando andaba deambulando polo monte, teríano encontrado", declara o pai de I.V., o mozo de Baiona desaparecido en agosto de 2016, que denuncia a falta de medios destinados a buscar o fillo. Un caso que contrasta frontalmente co importante dispositivo posto en marcha para procurar D.Q., desaparecida na Pobra do Caramiñal na mesma altura.

[Ler máis](#)

#### DEFENSOR DEL PUEBLO RESPONDE A ESCULCA

### **Denuncias: archivar ou tramitar segundo quen as formule**

En resposta á queixa presentada por EsCULcA 0 16/11/2015 sobre malos tratos a presos de Teixeiro, a Defensoría del Pueblo comunica o arquivo da denuncia formulada por J.A.S.B. en canto se manteñen abertas as dilixencias contra el mesmo e outros dous internos a quen os funcionarios acusan de incidentes en protesto pola reiterada vulneración de dereitos.

[Ler máis](#)

# MARZO

## CASO DE VECIÑO DE GONDOMAR NO RELATORIO DE 2016

### **Defensor del Pueblo lembra á Garda Civil o deber de coñecer o galego no país**

O Defensor do Pueblo lembra á Garda Civil o "deber legal" de os seus funcionarios coñecerem o galego para a atención ao público. No seu relatorio anual de 2016 refírese ao caso dun cidadán que "non puido ser atendido" en galego no cuartel de Gondomar, "primeiro telefonicamente e despois de forma presencial", "dado o descoñecemento da lingua galega dos funcionarios"

[Ler máis](#)

## DESPOIS DE VARIOS VIS-À-VIS FAMILIARES

### **A AN declara ilegais os cacheos integrais realizados ao preso E.V.D no CP A Lama**

Nos meses de Maio e Xuño de 2016, durante unha estadia temporal no cárcere da Lama, o preso independentista E.V.D. foi sometido a tres rexistros corporais con espido integral ao rematar as comunicacións vis a vis coa familia. Recentemente a Sección I da Sala do Penal da A.N. recoñeceu que estes rexistros vulneraron os dereitos fundamentais de E.V. D.

[Ler máis](#)

## INTERNO NO CÁRCERE DE VILLANUBLA (VALLADOLID)

### **Queixa de EsCULcA pola situación de isolamento prolongado de preso galego**

Con data 1 de marzo, EsCULcA presentou Queixa xunto da oficina do Defensor del Pueblo e o Mecanismo de Prevención da Tortura (MNPT) referida ao réxime de vida do preso galego R.R.F., interno no penal de Villanubla (Valladolid). R.R.F. é sometido a isolamento absoluto a pesar de estar clasificado en 2ª fase, un réxime que garante 4 horas de vida en común e actividades en grupo.

[Ler máis](#)

## DEREITO À INTIMIDADE E ACTIVIDADES EN COMUN

### **Queixas de EsCULcA sobre situación de preso galego en Aranjuez**

Con data 1º e 4 de marzo , EsCULcA presentou senllas queixas na oficina do Defensor del Pueblo relativas a situacións vividas polo preso galego E.V.D. durante a súa estadia no Centro Penitenciario de Madrid VI - Aranjuez, aonde foi trasladado temporariamente para realizar exames do grao de Dereito que cursa.

[Ler máis](#)

**POR VÍDEO EN FAVOR DA LIBERDADE DE EXPRESIÓN**

## **Promotor da plataforma Dereitos Civis chamado a declarar na AN**

R.N., activista compostelán, promotor da plataforma Dereitos Civis, está chamado a declarar na Audiencia Nacional o vindeiro 8 de marzo, acusado dun suposto delito contra as institucións do Estado español. Explica que el o único que fixo foi subir un vídeo ás redes sociais en que apuntaba que o acto gravado (a queima dunha imaxe do monarca) non debía ser considerado un delito.

[Ler máis](#)

**APROVA ACOSO JUDICIAL POR QUEIMAR A SUA IMAGEM?**

## **Lanzan carta aberta a Felipe Borbón sobre liberdade de expressom**

Despois de saber-se que a AN chama a declarar o activista R.N. por ter divulgado nas redes umha fotografía em que aparece queimando a fotografía de Felipe Borbón, umha carta aberta colectiva insta o rei de Espanha a manifestar a súa opinión sobre o dispêndio económico e o despropósito democrático que supom perseguir quem critica a institución monárquica.

[Ler máis](#)

**DENUNCIAS POR MALOS TRATOS EN CENTRO DE MENORES**

## **A Valedora satisfeita con relato da Consellaría de Política Social**

O pasado 03/03, a Valedora do Pobo comunicou a EsCULcA que, despois de varios requerimentos e ameazas de apercibimento, recibira finalmente resposta á solicitude de información cursada á Consellaría de Política Social sobre a situación do Centro de Acolida de Menores Hogar San José de Vigo, denunciado hai meses por vulneración de dereitos de menores residentes.

[Ler máis](#)

ESCULCA SOLICITA INFORMACIÓN

## **Posíbel discriminación en dispositivos de busca de persoas desaparecidas**

O 10/03/2017 EsCULcA solicitou ao Ministerio do Interior información relativa aos medios disponibilizados para buscar dúas persoas desaparecidas na Galiza no pasado mes de agosto: Diana Quer López-Pinel e Iván Durán Valderde. A demanda fundaméntase na desigualdade observada, e denunciada polos propios familiares, nos dispositivos postos en marcha nun e noutro caso.

[Ler máis](#)

NO PARLAMENTO GALEGO

## **Pregunta sobre clasificación como FIES e dispersión de persoas presas galegas**

O BNG rexistra unha proposición non de lei para debate en pleno e unha pregunta para resposta oral en Comisión sobre a situación das persoas detidas en Galiza sob acusación de integración ou colaboración con organización armada e a aplicación por sistema de dúas medidas punitivas a maiores da derivada da decisión xudicial: a súa clasificación como Fies e a dispersión.

[Ler máis](#)

CHAPLIN, MARYLIN, HEPBURN, PIPPI LÅNGSTRUMP...

## **Peden a absolución das 12 encausadas pola ocupación da Sala Yago**

Charles Chaplin, Marilyn Monroe, Audrey Hepburn, Agnes Varda, Orson Welles, Kubrick... Son só algúns dos nomes que piden a absolución para as 12 persoas acusadas pola ocupación da compostelá Sala Yago en outubro de 2011 e que van ser xulgadas este 13 de marzo, con peticións de penas que van desde o ano e medio a catro anos e medio de prisión.

[Ler máis](#)

REDACTOR PIDE AMPARO AO COMITÉ DE EMPRESA

## **A TVG emite noticia manipulada para eliminar críticas á Xunta**

O comité de empresa de CRTVG denuncia que o pasado 6 de marzo no programa 'Galicia Serán' da Televisión de Galicia emitiron unha noticia "premeditadamente recortada" para eliminar partes que se emitiran na edición do mediodía, feito polo cal o redactor desa peza lle pide amparo. "Eliminaron as críticas á Xunta e un parágrafo da información", afirma.

[Ler máis](#)

PRÓXIMO 23 DE ABRIL

## **Manifestación nacional polo arquivo da causa "Operación Jaro"**

As 9 persoas encausadas na 'Operación Jaro' convocan unha manifestación nacional para demandar o arquivo da causa que a Audiencia Nacional mantén contra elas desde hai 17 meses. Embora revogase en decembro de 2016 a 'ilegalización' de Causa Galiza, o tribunal mantén contra elas a acusación de "integración en banda armada" e "enaltecedemento do terrorismo".

[Ler máis](#)

PERGUNTAS NO CONGRESSO

## **Sobre impedimento à comunicación de advogada/o com persoas presas**

No 15/03/2017, o deputado Antón Gómez-Reino (G.P. En Marea) registou no Congreso varias preguntas relativas aos obstáculos postos em centros penitenciários às comunicações com persoas presas. No seu escrito, o deputado alude ao acontecido no cárcere de Teixeira en 30/12/2016, quando se impediu um advogado e umha advogada de EsCULcA comunicarem com três internos.

[Ler máis](#)

PERSOAS DE DIVERSOS ÁMBITOS DA SOCIEDADE GALEGA

## **Peden o arquivo da Operación Jaro contra 9 independentistas**

Denuncian a "montaxe política e xudicial" do operativo que decorreu a finais de 2015 e piden o arquivamento definitivo da causa contra 9 independentistas. Políticos como o deputado Xosé L Rivas 'Mini', escritores como Fran P. Lorenzo ou Sechu Sende, músicos como O Leo e Marcos Payno, docentes como Miguélez Carballeira e Del Bosque Zapata, entre as persoas asinantes.

[Ler máis](#)

VULNERACIÓN DE DEREITOS E ACTUACIÓNS PARLAMENTARES

## **EsCULcA reúne con deputados do Parlamento Galego**

O pasado dia 13 de marzo, Yolanda Ferreiro, Bletxu Valeiras e Anxo Quiroga, en representación de EsCULcA, mantiveron unha reunión de traballo cos deputados Luís Bará

e Xosé Luís Rivas (BNG). No decurso da reunión analizaron cuestións relacionadas con casos recentes de vulneración de dereitos no noso país e posibilidades de actuación no parlamento galego.

[Ler máis](#)

#### DEFENSORÍA DEL PUEBLO

### **Expediente pola requisa de 'estrelas' a celtistas no campo do Leganés**

A Defensoría del Pueblo comunicou a Dereitos Civís que inicia expediente pola requisa de 'estrelas' a celtistas no campo do Leganés. Porase en contacto co Consello Superior de Deportes e a Federación Española de Fútbol para solicitar información. Seareiros celtistas denunciaron que se lles prohibía acceder ao estadio de Butarque coa bandeira galega coa estrela vermella.

[Ler máis](#)

#### SUPOSTAMENTE OFENSIVO PARA A RELIXIÓN CATÓLICA

### **Imputado concelleiro da Coruña por cartaz do Entroido**

O Xulgado de Instrución nº3 da Coruña citou como investigado por un suposto delito contra os sentimentos relixiosos o concelleiro das Culturas da Coruña, J.M.S., por causa do cartaz do Entroido da cidade. A denuncia procede da Asociación de Viúvas de Lugo, que entende o deseño ser ofensivo para a relixión católica. J.M.S. deberá comparecer no xulgado o vindeiro 17 de abril.

[Ler máis](#)

#### A MOÇO DE VIGO POR CHIOS NO TWITTER

### **Pedem 2 anos e 6 meses de prisom, 2500€ de multa e 9 anos de inhabilitaçom**

O próximo 27 de março, R.G., vizinho de Vigo encausado na IV fase da "Operación Araña", será julgado na Audiência Nacional española, acusado de enaltecimento do terrorismo e humilhaçom às vítimas por comentarios na rede social Twitter. A fiscalía solicita umha pena de prisom de 2 anos e 6 meses, umha multa de 2.500 euros e 9 anos de inhabilitaçom profesional.

[Ler máis](#)

#### ESCALA FORMULA QUEIXA À D. DEL P.

### **Revelación de datos protexidos de persoas presas**

O pasado 24 de marzo, Rosa Verdugo Matês, en nome e representación de EsCULcA, formulou queixa perante a Defensora del Pueblo por "infidelidade na custodia e filtración a medios de comunicación de datos persoais" de persoas presas no penal de Teixeiro con infracción do dereito á honra e o dereito á intimidade persoal recoñecidos nos artigos 18.1 e 4. da C.E.

[Ler máis](#)

#### PROMOCIÓN TURÍSTICA E ASISTENCIA ESPIRITUAL

### **Ingresos colaterais da igrexa católica a custa do erario**

Unha gran parte dos fondos que destina o Goberno Galego a promoción turística acaba indo ao Arcebispado de Santiago. Só no ano pasado, a Axencia de Turismo de Galiza asinou polo menos cinco convenios de colaboración con entidades dependentes deste organismo católico. O montante total é de 882.000 euros. Pola súa parte, o estado paga 82 curas por asistencia espiritual a militares.

[Ler máis](#)

